



Concello
de Arzúa

ACTA



En Arzúa, a 8 de xuño de 2017.

Sendo as 12.05 horas, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os membros integrantes do Tribunal Cualificador que cualificará a **terceira proba sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local, previsto na Base Sexta das que rixen o proceso de selección** -polo sistema de oposición- convocado para poder seleccionar á persoa que será contratada como **Auxiliar da policía local**, durante un período de seis meses, de conformidade coas bases aprobadas por decreto do alcalde, de data 16 de marzo de 2017.

Estando presentes os seguintes catro integrantes de dita Tribunal Cualificador:

*Presidente: Don Alvaro José Noya Grela (*Policía local do Concello de Ordes*).

*Secretario: Don Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do Concello de Arzúa*).

*Vogais:

-Don Alejandro García Rosendo (*Policía Local do Concello de A Estrada*).

-Don Jorge Trillo Trillo (*Policía local do Concello de Ordes*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución do Tribunal Cualificador, --de conformidade co disposto no artigo 17 n.º 2 da Lei 4/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público--, o Sr. presidente procedeu a declarar constituído dito Tribunal, co obxecto de valorar o terceiro exercicio dos catro de que consta a oposición convocada, cuxo exercicio consistirá en contestar por escrito a dez preguntas sobre coñecementos do termo municipal de Arzúa; así como a outras tres preguntas de reserva, para o suposto de que fora necesario substituír algunha das anteriores, por non ser axeitada ao obxecto desta proba.

Para o cal, polo presidente e por os dous vogais, elaboráronse as referidas preguntas, de maneira que cada pregunta formulada tivera catro respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuada a fotocopia dos tres folios que conteñen as dez preguntas elaboradas, mais as tres preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega das mesmas aos tres aspirantes que compareceron a realizar este terceiro exercicio, os cales superaran o segundo exercicio (*celebrado o día 1 de xuño de 2017*); facéndolles saber o presidente do Tribunal Cualificador:

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta.

- Que será necesario obter unha puntuación de 1,5 puntos sobre 3, para superar o exercicio, puntuando cada pregunta correctamente contestada con 0,30 puntos.

-Que a puntuación obtida por cada aspirante será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

- Que o tempo máximo para responder ás dez preguntas mais as tres de reserva, será de vinte

minutos, desde as 12.10 horas ata as 12.30horas.

Dándose a circunstancia de que os tres aspirantes entregaron os seus exercicios antes de que transcorriera o período de tempo fixado para contestar o cuestionario; polo que a partir das 12,20 horas, ata as 12.30 horas, o Tribunal Cualificador estivo correxindo os cuestionarios realizados, constando en cada exercicio o nome e apelidos de cada aspirante.

Sendo o cuestionario das dez preguntas o que figura unido á presente acta, coa indicación de cal é en cada caso a reposta correcta, subraiada en rotulador amarelo e redondeado en tinta vermella o apartado correspondente.

E igualmente achegase xunto con esta acta o cuestionario que contén as tres preguntas de reserva, con indicación tamén de cal é a resposta correcta, subraiada en rotulador verde e redondeado en tinta vermella o apartado correspondente.

Como resultado da corrección do cuestionario, o Tribunal Cualificador –por unanimidade dos catro membros asistentes- outorgou as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Respostas		Puntuacións
	Ben	Mal	
1. Carlos Mejuto Ares	10	0	3
2. Fernando Souto Varela	5	5	1,5
3. Diego Méndez Castro	7	3	2,1

Tras o exposto, adoptouse -por unanimidade dos catro membros do Tribunal Cualificador- os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para os citados tres aspirantes e declarar que superaron este exercicio, ao obter unha puntuación superior á mínima esixible de 1,5 puntos.

Segundo.- Concretar que a cuarta e última proba, sobre coñecementos do idioma galego, de que consta este proceso de selección, non será necesario realizala, dado que os tres aspirantes que superaron o terceiro exercicio (celebrado no día de hoxe) acreditaron que estaban en posesión do Celga 3 polo que, segundo se dispón na Base Sexta das que rixen este proceso de selección, estarían exentos da súa realización, e procede outorgarlles a puntuación máxima de 3 puntos a cada un deles nese cuarto exercicio.

Terceiro.- Establecer como puntuación final de cada un dos citados tres aspirantes, a resultante da suma dos exercicios segundo, terceiro, mais a valoración obtida no exercicio cuarto que non foi realizado, ao acreditar os tres aspirantes que estaban en posesión do Celga 3; polo que tales puntuacións serían as seguintes:

	2º exerc.	3º exerc.	4º. exerc	TOTAL
1. Carlos Mejuto Ares	8,13	3	3	14,13
2. Fernando Souto Varela	7,60	1,5	3	12,10
3. Diego Mendez Castro	6	2,10	3	11,10

Cuarto.- Formular a proposta de contratación a favor do aspirante que obtivo a maior puntuación Carlos Mejuto Ares, e para o suposto de que este non presente a documentación

necesaria para poder ser contrato (a que se refire a Base Oitava desta oposición), dentro dos tres días naturais seguintes ao da publicación da presente acta no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, ou non acredite dentro dese prazo que reúne os requisitos esixidos ou renuncie en calquera momento a súa contratación; a proposta realizada ao seu favor entenderase trasladada a favor do segundo aspirante, Fernando Souto Varela, sempre e cando dito aspirante tivera realizado naquela data o curso de formación para auxiliar da policía local; e iso, no suposto de que a Academia Galega de Seguridade Pública convocase un segundo curso neste ano.

E para o suposto de que este incorrese nalgunha das tres situacións descritas (non presentación de documentación, non acreditación de requisitos esixidos ou renuncia) entenderase trasladada a proposta de contratación a favor do seguinte e último aspirante aprobado, Diego Mendez Castro.

Quinto.- Dispoñer a publicación, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello, dun exemplar desta acta:

a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do día seguinte a publicación desta acta), co obxecto de que o aspirante proposto poida presentar a documentación esixida na Base Oitava das que rixen a oposición.

Co cal douse por rematado o acto, ás 12,30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros do Tribunal Cualificador e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.

Three handwritten signatures in blue ink, positioned horizontally below the text. The first signature is on the left, the second in the middle, and the third on the right. They appear to be the signatures of the members of the Qualifying Tribunal mentioned in the text.